

CONSIDERACIÓNS DA CIG-ENSINO PARA A NEGOCIACIÓN DOS CRITERIOS PARA DETERMINAR AS PRAZAS DAS OPES VINCULADAS Á LEI 20/2021 DE REDUCIÓN DA TEMPORALIDADE

A CIG-Ensino considera que, dentro das marxes de interpretación e adaptación ao sector docente que se poden dar do articulado da Lei 20/2021, así como da modificación prevista do RD 276/2007 de ingreso e acceso á función pública docente; a negociación debe partir da fixación dos criterios para determinar que prazas deben ser incorporadas á OPE de concurso excepcional e á do concurso oposición extraordinario. Neste sentido estas son as consideracións da CIG-Ensino:

CRITERIOS XERAIS

1. **Adaptación ao marco docente das condicións da Lei 20/2021.** As características propias a nivel laboral do sector educativo (inexistencia de RPT, adxudicación de destinos provisionais de carácter anual e con profesorado con diferentes situacións administrativas simultaneamente) implican unha necesaria interpretación da Lei que debe ser prioritaria, de cara á identificación das prazas que cumpran os requisitos establecidos na Lei 20/2021.
2. **Transparencia e rigor na negociación e determinación das prazas.** Non estamos diante da negociación dunha OPE ordinaria, na que a Consellaría computa as prazas de reposición con carácter xeral por corpos e dispón posteriormente o reparto por especialidades. A Lei 20/2021 fixa unha serie de condicións que se teñen que cumprir, computando nalgúns casos prazas ocupadas ininterrompidamente por persoal temporal e, noutros casos, prazas ocupadas con profesorado interino cunha determinada antigüidade. Polo tanto, deben coñecerse todas e cada unha das prazas de cada especialidade que cumpran estes requisitos, o que dará lugar á cifra final de prazas da OPE.
3. **Todas as prazas adxudicadas provisionalmente son temporais.** Tendo en conta o modelo de adxudicación de destinos provisionais, anual e con profesorado interino e funcionariado de carreira na mesma adxudicación, poden contemplarse dúas posibilidades á hora de definir o total de prazas que deben ser analizadas para determinar, de entre elas, cales deben saír nas OPE.



- A. Analizar **todas as prazas adxudicadas con destino provisional** dos respectivos cursos (desde o curso 2015-16 para o concurso excepcional e desde o curso 2017/18 para o concurso oposición extraordinario) como temporais e ininterrompidas. Do total destas prazas habería que revisar cales corresponden a funcionariado de carreira con reserva de posto de traballo para retiralas do cómputo final. Desde a CIG-Ensino consideramos que esta opción identificaría máis correctamente as diferentes prazas, ao evitar a arbitrariedade que se produce á hora de establecer as prazas vinculadas á DA6 e ao artigo 2.
- B. Analizar as **prazas ocupadas por profesorado interino** neses mesmos cursos. Esta opción, que ao igual que a anterior, tamén respectaría o texto da Lei, é máis arbitraria (hai prazas que con que só nun dos cursos desde o 2015/16 fosen adxudicadas a profesorado en expectativa ou definitivo que participa no CADP, xa non se poderían ter en conta baixo os criterios da DA6 e o artigo 2). Neste caso, só se poderían ter en conta, aos efectos de revisar e retirar prazas con titular, as mesmas prazas ocupadas por persoal interino, sen ter en conta o resto de prazas con reserva ocupadas por persoal en expectativa.
4. **Prazas ocupadas ininterrompidamente.** Todas as prazas adxudicadas provisionalmente ao longo de todos os anos indicados na Lei 20/2021 deben considerarse ocupadas ininterrompidamente, entendendo que non se rompe a continuidade polo sistema de adxudicación anual. As prazas ocupadas por diferentes persoas ao longo destes cursos tamén cumpren ese requisito.
5. **Prazas estruturais e vacantes.** Cómpre entender como prazas estruturais todas as prazas que estean en funcionamento e dotadas orzamentariamente, con independencia de que se correspondan con cadros de persoal (só existentes no corpo de mestres) ou cotas de profesorado (no resto dos corpos). Enténdense como vacantes todas aquelas que no curso actual non teñen un titular (funcionariado de carreira con reserva de posto de traballo). Para a consideración de prazas estruturais e vacantes non se terán en conta, con carácter xeral, os descontos horarios por ocupar cargos directivos. A Consellaría debe identificar e entregar a relación de todas as prazas non vacantes para identificar correctamente as prazas que deben ser ofertadas a concurso ou concurso oposición.



6. **Determinación da prioridade das prazas a incorporar a cada OPE.** Hai prazas que cumprirían os requisitos para seren ofertadas simultaneamente a concurso excepcional, coas disposicións adicionais 6ª (DA6) e 8ª (DA8) da Lei 20/2021, e a concurso oposición extraordinario (artigo 2 da mesma Lei). A CIG-Ensino considera que, en primeiro lugar, deben determinarse as prazas vinculadas ás DA6 e DA8 e, posteriormente, fixar as que cumpren co artigo 2.

CRITERIOS PARA DETERMINAR AS PRAZAS A OFERTAR NO CONCURSO EXCEPCIONAL

1. Debe determinarse en primeiro lugar en que orde se revisan e determinan as prazas que cumpren cos requisitos da lei 20/2021. Neste sentido, a CIG-Ensino considera que primeiro deben identificarse as prazas da DA6 e, posteriormente, as da DA8.
2. DA6: computar as prazas ocupadas temporalmente desde xaneiro de 2016 até decembro de 2020.
3. DA8: unha vez descontadas as anteriores, computar as prazas nas que no actual curso 2021/22 haxa profesorado interino e que o leve sendo desde antes de 2016, con independencia do tempo que leve sendo temporal a praza que ocupa, así como das prazas que ocupase nos cursos anteriores, con independencia do corpo ou especialidade ocupada.
4. Do total de prazas deben identificarse as que son vacantes, por carecer de funcionariado de carreira titular.

CRITERIOS PARA DETERMINAR AS PRAZAS A OFERTAR NO CONCURSO OPOSICIÓN EXTRAORDINARIO

1. Unha vez retiradas as prazas vinculadas coa DA6 e DA8 (concurso excepcional) deben revisarse as prazas restantes que cumpren cos criterios dos apartados 1 e 5 do artigo 2 da Lei 20/2021
2. Deben ofertarse todas as prazas ocupadas de forma temporal desde xaneiro de 2018 até decembro de 2020, sempre que estean dotadas orzamentariamente. Polo tanto deben computarse, como mínimo, as prazas dos cursos 2017/18, 2018/19, 2019/20 e 2020/21 e que estas prazas estean ocupadas no curso 2021/22 por persoal interino.
3. Do total de prazas deben identificarse as que son vacantes, por carecer de funcionariado de carreira titular.

NEGOCIACIÓN DAS BASES DOS PROCESOS SELECTIVOS

A negociación das ordes polas que se convoquen os procesos selectivos debe facerse en canto estea publicado o Real Decreto que modifica o 276/2007 e hai algunhas cuestións que deben aclararse canto antes.

- **A lingua como requisito no concurso excepcional.** Para a CIG-Ensino é unha cuestión absolutamente fundamental que a acreditación do coñecemento do noso idioma sexa un requisito para poder presentarse ao concurso, para o que corresponde exixir o CELGA 4. Para o concurso oposición extraordinario seguiremos a defender que unhas das probas se faga en galego, con independencia da proba específica para que non posúa a acreditación CELGA 4.
- **Calendario de publicación das convocatorias e efectos do ingreso nos corpos docentes.** Debe negociarse e darse a coñecer canto antes esta previsión. A CIG-Ensino considera que o concurso excepcional debe ser convocado a comezos do 1º trimestre do curso 2022/2023 e a resolución final da lista do persoal que supera o concurso debe coñecerse con antelación ao prazo de matrícula para o concurso oposición do ano 2023.
- **Calendario de realización das probas do concurso oposición extraordinario.** Consideramos que o concurso oposición que incorpore as prazas derivadas da aplicación da Lei 20/2021 debe realizarse nas datas habituais, no verán de 2023, previa negociación e acumulación das prazas de reposición do 2022.

22 de marzo de 2022.